


**P<sup>^</sup>NTEAREAS**



Concello de  
PONTEAREAS

CMUS



Reveriano Soutullo

# **PROGRAMACIÓN DE GAITA**

(GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE VENTO

## 1. Contido

2.	Introducción.....	7
3.	Obxectivos das ensinanzas .....	8
3.1	Obxectivos xerais do Grao Elemental .....	8
3.2	Obxectivos xerais do Grao Profesional .....	9
4.	Obxectivos específicos .....	9
4.1	Grao Elemental.....	9
4.2	Grao Profesional .....	10
5.	Metodoloxía.....	11
5.1	Principios metodolóxicos .....	11
5.2	Métodos didácticos .....	12
6.	Atención á diversidade .....	13
7.	Temas transversais .....	14
7.1	Educación en valores.....	14
7.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC’s).....	15
8.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	15
9.	Secuenciación por cursos.....	15
9.1	Curso: 1º G.E. ....	15
9.1.1	Obxectivos .....	15
9.1.2	Contidos.....	15
9.1.3	Avaliación.....	16
9.1.3.1	Criterios de avaliación .....	16
9.1.3.2	Mínimos esixibles .....	17
9.1.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	17
9.1.3.4	Criterios de cualificación.....	17
9.1.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	18
9.1.4	Medidas de recuperación .....	18
9.1.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	18
9.1.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	19
9.1.5	Recursos didácticos*.....	19
9.2	Curso 2º G.E. ....	20
9.2.1	Obxectivos .....	20
9.2.2	Contidos.....	20
9.2.3	Avaliación.....	20
9.2.3.1	Criterios de avaliación .....	21

9.2.3.2	Mínimos esixibles .....	21
9.2.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	21
9.2.3.4	Criterios de cualificación.....	21
9.2.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	22
9.2.4	Medidas de recuperación .....	22
9.2.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	23
9.2.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	23
9.2.5	Recursos didácticos*.....	23
9.3	Curso 3º G.E. ....	24
9.3.1	Obxectivos .....	24
9.3.2	Contidos.....	24
9.3.3	Avaliación.....	25
9.3.3.1	Criterios de avaliación .....	25
9.3.3.2	Mínimos esixibles .....	25
9.3.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	26
9.3.3.4	Criterios de cualificación.....	26
9.3.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	26
9.3.4	Medidas de recuperación.....	27
9.3.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	27
9.3.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	27
9.3.5	Recursos didácticos*.....	28
9.4	Curso 4º G.E. ....	29
9.4.1	Obxectivos .....	29
9.4.2	Contidos.....	29
9.4.3	Avaliación.....	29
9.4.3.1	Criterios de avaliación .....	30
9.4.3.2	Mínimos esixibles .....	30
9.4.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	30
9.4.3.4	Criterios de cualificación.....	30
9.4.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	31
9.4.4	Medidas de recuperación.....	31
9.4.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	32
9.4.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	32
9.4.5	Recursos didácticos*.....	32
9.5	Curso 1º G.P.....	33
9.5.1	Obxectivos .....	33

9.5.2	Contidos.....	33
9.5.3	Avaliación.....	33
9.5.3.1	Criterios de avaliación .....	34
9.5.3.2	Mínimos esixibles .....	34
9.5.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	34
9.5.3.4	Criterios de cualificación.....	35
9.5.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	35
9.5.4	Medidas de recuperación.....	36
9.5.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	36
9.5.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	36
9.5.5	Recursos didácticos .....	37
9.6	Curso 2º G.P.....	38
9.6.1	Obxectivos .....	38
9.6.2	Contidos.....	38
9.6.3	Avaliación.....	38
9.6.3.1	Criterios de avaliación .....	38
9.6.3.2	Mínimos esixibles .....	39
9.6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	39
9.6.3.4	Criterios de cualificación.....	39
9.6.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	40
9.6.4	Medidas de recuperación.....	40
9.6.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	41
9.6.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	41
9.6.5	Recursos didácticos*.....	41
9.7	Curso 3º G.P.....	42
9.7.1	Obxectivos .....	42
9.7.2	Contidos.....	43
9.7.3	Avaliación.....	43
9.7.3.1	Criterios de avaliación .....	43
9.7.3.2	Mínimos esixibles .....	43
9.7.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	44
9.7.3.4	Criterios de cualificación.....	44
9.7.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	45
9.7.4	Medidas de recuperación.....	45
9.7.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	45
9.7.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	46

9.7.5	Recursos didácticos .....	46
9.8	Curso 4º G.P.....	47
9.8.1	Obxectivos .....	47
9.8.2	Contidos.....	47
9.8.3	Avaliación .....	48
9.8.3.1	Criterios de avaliación .....	48
9.8.3.2	Mínimos esixibles .....	48
9.8.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	48
9.8.3.4	Criterios de cualificación.....	49
9.8.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	49
9.8.4	Medidas de recuperación .....	50
9.8.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	50
9.8.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	50
9.8.5	Recursos didácticos .....	51
9.9	Curso 5º G.P.....	52
9.9.1	Obxectivos .....	52
9.9.2	Contidos.....	52
9.9.3	Avaliación.....	52
9.9.3.1	Criterios de avaliación .....	53
9.9.3.2	Mínimos esixibles .....	53
9.9.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	53
9.9.3.4	Criterios de cualificación.....	53
9.9.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	54
9.9.4	Medidas de recuperación .....	54
9.9.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	55
9.9.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	55
9.9.5	Recursos didácticos .....	55
9.10	Curso 6º G.P.....	56
9.10.1	Obxectivos .....	56
9.10.2	Contidos.....	57
9.10.3	Avaliación.....	57
9.10.3.1	Criterios de avaliación.....	57
9.10.3.2	Mínimos esixibles.....	58
9.10.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	58
9.10.3.4	Criterios de cualificación .....	58
9.10.3.5	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	59

9.10.4	Medidas de recuperación .....	59
9.10.4.1	Procedementos de recuperación ordinarios .....	59
9.10.4.2	Probas extraordinarias de recuperación .....	60
9.10.5	Recursos didácticos .....	60
10.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	61
11.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....	61
12.	ANEXOS.....	61
12.1	Probas de acceso a 1º de Grao Profesional.....	61
12.2	Probas de acceso a outros cursos.....	62
12.2.1	Probas de acceso a 1º de Grao Elemental.....	62
12.2.2	Probas de acceso a outros cursos .....	62

## **2. Introducción**

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais.

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administración educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007.

A lei establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas. Asemade, a citada Lei orgánica no capítulo nVI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas no decreto 203/2007 do 27 de Setembro de 2007.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolven os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio de Música ReverianoSoutullo de Pontearreas.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación de futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, persoalizador e preparatoria para estudos posteriores.

### **A quen vai dirixida**

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 a 14 anos, amplo rango que determine grandes diferenzas entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos no ensino obrigatorio.

Coñecementos previos

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior

## **FUNDAMENTACIÓN LEGAL**

A presente programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ao alumna dunha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

### **3. Obxectivos das ensinanzas**

#### **3.1 Obxectivos xerais do Grao Elemental**

O grao elemental das ensinanzas de música ha de contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.



- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### 3.2 Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade artística da música
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela mais axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e a do galego en particular como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## 4. Obxectivos específicos

### 4.1 Grao Elemental

O ensino de gaita no grao elemental terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Alcanzar un control suficiente do tempero e unha certa práctica na preparación dos elementos da gaita que permitan obter unha correcta afinación e un mínimo de calidade sonora.

- Adquirir unha dicitación e técnica de base que posibilite interpretar un repertorio axeitado para este nivel procedente de tradición musical de Galicia, principalmente, e das cornamusas máis afíns.
- Dominar os recursos básicos de ornamentación e articulación, así como a súa tipificación, clasificación e representación gráfica.
- Demostrar os coñecementos fundamentais sobre a música e a historia deste instrumento, así como a súa situación no contexto da familia das cornamusas
- Interpretar de memoria o repertorio estudado.

## 4.2 Grao Profesional

As ensinanzas de gaita das ensinanzas profesionais de música Terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo de gaita.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o ouvido interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical
- Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- Compartir vivencias musicais do grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva cos música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras
- Adquirir e demostrar os recursos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación, dicitación, articulación, fraseo, vibrato etc.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.
- Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento
- Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.
- Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración de elementos básicos para a produción do son.
- Ser capaz de ornamentar de acordo con criterios estilísticos, así como fomentar as capacidades de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

## 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza do instrumento o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria.. Para dar resposta ao anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de gaita galega require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.

- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que dicimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** fomentarse como é lóxico o traballo en equipo e un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo construtivista:** tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co construtivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significación psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

## **6. Atención á diversidade**

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe estranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral.

### **Alumnado estranxeiro**

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por cooidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedemental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

### **Superdotación intelectual**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades

educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se se dera ese caso tomaríanse as medidas oportunas para resolver ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

## **7. Temas transversais**

### **7.1 Educación en valores**

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rexeitamento a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.

- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapé na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

## 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

## 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

## 9. Secuenciación por cursos

### 9.1 Curso: 1º G.E.

#### 9.1.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
- Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estable.
- Coñecemento das características da escritura para gaita.
- Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

#### 9.1.2 Contidos

- Descrición, mantemento e coidados do instrumento

- Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro
- Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo.
- Características da escrita para gaita.
- Coñecemento das notas básicas no primeiro rexistro si4-dó6.
- Exercicios básicos para gaita: ámbito fa5-dó6 (con sib5); ámbito si4-dó6.
- Adestramento progresivo e permanente da memoria.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

### 9.1.3 Avaliación

A avaliación consistirá nun proceso interpretativo no que mediante a observación do proceso de aprendizaxe, e o contraste con determinadas instancias de referencia ou patróns de desexabilidade, fai posible a emisión dun xuízo de valor, orientar a acción e tomar decisións.

Terá tamén unha función formativa que permita usala como estratexia de mellora e para realizar axustes sobre a marcha dos procesos educativos co fin de conseguir as metas e obxectivos previstos.

Aplicaranse tres tipos de avaliación:

- Inicial: realizada ao comezo do curso ou da unidade didáctica cumpre unha función de diagnóstico.
- Continua: realizada durante todo o curso escolar permite tomar decisións de mellora sobre a marcha.
- Final: realizada ao finalizar un período de tempo previsto ten unha función sumativa e permite valorar en qué medida se acadan uns obxectivos.

Rexerase principalmente por tres principios: obxectividade, transparencia e accesibilidade.

#### 9.1.3.1 Criterios de avaliación

- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo garante da pretendida estabilidade e calidade do son.
- Demostrar actitudes favorables ao estudo, formas de proceder adecuadas e a asimilación dos conceptos por parte do alumno.
- Mostrar unha calidade interpretativa adecuada ao nivel educativo mediante unha proba práctica.



### 9.1.3.2 Mínimos esixibles

Os criterios mínimos de avaliación están expostos no apartado de Criterios de Cualificación dos cursos de Grao Elemental, correspondentes ás cualificacións 5-6, e son os seguintes:

- Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)
- Traballo técnico adecuado
- Continuidade na interpretación das obras
- Evidencia dunha coidadosa preparación

### 9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua do traballo na aula mediante a observación e/ou as anotacións no caderno do profesor.
- Avaliación mediante probas prácticas tipo exame e/ou audicións, en caso de considerarse necesarias e/ou positivas, por ausencia de información ou para valorar a capacidade de interpretar música en público.

### 9.1.3.4 Criterios de cualificación

VALOR. NUM.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O GRAO ELEMENTAL
1	Carencia total de traballo individual Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes
2-3	Acusada falta de control de son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso Falta de continuidade na interpretación Pobre recuperación dos atrancos Erros de afinación e ritmo Baixa calidade de son Falta de preparación xeral Actitude negativa e falta de interese na materia
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Evidencia dunha coidadosa preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica Evidencia de control de son e da afinación Tempo adecuado e mantido Uso correcto das dinámicas e do fraseo Capacidade de resposta ao estilo

9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica Dominio da memoria Atención ás dinámicas e ao fraseo Control do son e da afinación Tempo axeitado desde o punto de vista musical Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra
------	---

#### 9.1.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Criterio: Para conceder a ampliación de matrícula a un curso superior ao cal se atopa o alumno, é necesario que este teña superados os obxectivos sinalados no curso que realiza
- Proba: sempre e cando se considere necesario o profesor proporá facer unha proba de avaliación para confirmar a viabilidade da ampliación na súa materia. A proba consistirá na interpretación de materiais propostos para ese curso:
  - Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (25%)
  - Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (25%)
  - Un estudo do programa escollido polo profesor (25%)
  - Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (25%)

#### 9.1.4 Medidas de recuperación

O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño. O profesor realizará un exame de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará ao criterio do mesmo profesor de acordo coa programación e previo acordo co alumno ou alumna. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de Xuño.

FALTAS XUSTIFICADAS			FALTAS SEN XUSTIFICAR		
	Por trimestre	Total Curso		Por trimestre	Total Curso
Materia de 1 Sesión Semanal	3	9	Materia de 1 Sesión Semanal	2	6

No caso de existir faltas xustificadas e non xustificadas á vez non deberán superar as 3 trimestrais ou as 9 no curso. Neses casos será motivo para a perda do dereito á avaliación continua.

##### 9.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

O procedemento utilizado no mes de Xuño para avaliar se os obxectivos reflectidos na programación son alcanzados será unha proba práctica que consistirá na interpretación de:

- Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (25%)

- Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (25%)
- Un estudo do programa escollido polo profesor (25%)
- Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (25%)

#### 9.1.4.2 Probas extraordinarias de recuperación

O procedemento utilizado no mes de Setembro para avaliar se os obxectivos reflectidos na programación son alcanzados será unha proba práctica que consistirá na interpretación de:

- Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (25%)
- Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (25%)
- Un estudo do programa escollido polo profesor (25%)
- Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (25%)

#### 9.1.5 Recursos didácticos\*

- Repertorio e exercicios técnicos para o estudo de Música Tradicional:
  - *La Naturaleza* (Popular do s. XVII)
  - *Sapoconchiño* (Ernesto Campos)
  - *Camiñando* (Ernesto Campos)
  - *Danza de Vilanova dos Infantes* (Cancioneiro Musical de Galicia, nº 395)
  - *Treboada de Tomiño* (Tradicional)
  - *Valse de Escornabois* (Popular)
  - *Tocata de alzar / A Barroca* (Cancioneiro Musical de Galicia / Nazario González)
  - *Danza de palillos de Ribadavia* (Cancioneiro Musical de Galicia, n 393)
  - *Cadernos de Gaita Galega. Caderno 4: Estudos. Volume I.* (X. L. Miguélez Saínza)
  - Exercicios técnicos do *Método de Gaita Galega 1 e 2* (Xaquín Xesteira)
  - *47 Exercicios pedagóxicos e progresivos para a aprendizaxe de Gaita Galega* (Ramón González).
- Repertorio e exercicios técnicos para o estudo de Música Antiga:
  - *Pièces do Méthode pour la musette* (J. J. Hotteterre)
  - *Exercicios elementares* (Paulo Glez.)
  - *Méthode pour la musette* (J. J. Hotteterre)
  - *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs* (N. Chédeville)

\*Esta lista de recursos didácticos é só orientativa acorde ao nivel do curso, e o profesor/a poderá elixir para o alumno/a material de entre o aquí proposto ou ben outro de nivel similar, dependendo das necesidades do alumno/a

## **9.2 Curso 2º G.E.**

### **9.2.1 Obxectivos**

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
- Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estable.
- Coñecemento das características da escritura para gaita.
- Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

### **9.2.2 Contidos**

- Mantemento e coidados do instrumento.
- Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro.
- Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo.
- Rudimentos de articulación. Exercicios en Dó M. e Fa M.
- Introducción ao segundo rexistro.
- Exercicios básicos: ámbito si4-mi6.
- Características da escritura para gaita

### **9.2.3 Avaliación**

A avaliación consistirá nun proceso interpretativo no que mediante a observación do proceso de aprendizaxe, e o contraste con determinadas instancias de referencia ou patróns de desexabilidade, fai posible a emisión dun xuízo de valor, orientar a acción e tomar decisións.

Terá tamén unha función formativa que permita usala como estratexia de mellora e para realizar axustes sobre a marcha dos procesos educativos co fin de conseguir as metas e obxectivos previstos.

Aplicaranse tres tipos de avaliación:

- Inicial: realizada ao comezo do curso ou da unidade didáctica cumpre unha función de diagnóstico.
- Continua: realizada durante todo o curso escolar permite tomar decisións de mellora sobre a marcha.

- Final: realizada ao finalizar un período de tempo previsto ten unha función sumativa e permite valorar en qué medida se acadan uns obxectivos.

Rexerase principalmente por tres principios: obxectividade, transparencia e accesibilidade.

#### 9.2.3.1 Criterios de avaliación

- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo garante da pretendida estabilidade e calidade do son.
- Demostrar actitudes favorables ao estudo, formas de proceder adecuadas e a asimilación dos conceptos por parte do alumno.
- Mostrar unha calidade interpretativa adecuada ao nivel educativo mediante unha proba práctica.

#### 9.2.3.2 Mínimos esixibles

Os criterios mínimos de avaliación están expostos no apartado de Criterios de Cualificación dos cursos de Grao Elemental, correspondentes ás cualificacións 5-6, e son os seguintes:

- Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)
- Traballo técnico adecuado
- Continuidade na interpretación das obras
- Evidencia dunha coidadosa preparación

#### 9.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua do traballo na aula mediante a observación e/ou as anotacións no caderno do profesor.
- Avaliación mediante probas prácticas tipo exame e/ou audicións, en caso de considerarse necesarias e/ou positivas, por ausencia de información ou para valorar a capacidade de interpretar música en público.

#### 9.2.3.4 Criterios de cualificación

### VALOR. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O GRAO ELEMENTAL NUM.

1	Carencia total de traballo individual Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes
2-3	Acusada falta de control de son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra

4	<p>Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso</p> <p>Falta de continuidade na interpretación</p> <p>Pobre recuperación dos atrancos</p> <p>Erros de afinación e ritmo</p> <p>Baixa calidade de son</p> <p>Falta de preparación xeral</p> <p>Actitude negativa e falta de interese na materia</p>
5-6	<p>Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)</p> <p>Traballo técnico adecuado</p> <p>Continuidade na interpretación da obra</p> <p>Evidencia dunha coidadosa preparación</p>
7-8	<p>Interpretación realizada con seguridade técnica</p> <p>Evidencia de control de son e da afinación</p> <p>Tempo adecuado e mantido</p> <p>Uso correcto das dinámicas e do fraseo</p> <p>Capacidade de resposta ao estilo</p>
9-10	<p>Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica</p> <p>Dominio da memoria</p> <p>Atención ás dinámicas e ao fraseo</p> <p>Control do son e da afinación</p> <p>Tempo axeitado desde o punto de vista musical</p> <p>Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra</p>

#### 9.2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Criterio: Para conceder a ampliación de matrícula a un curso superior ao cal se atopa o alumno, é necesario que este teña superados os obxectivos sinalados no curso que realiza
- Proba: sempre e cando se considere necesario o profesor propondrá facer unha proba de avaliación para confirmar a viabilidade da ampliación na súa materia. A proba consistirá na interpretación de materiais propostos para ese curso:
  - Unha obra do programa escollida polo alumno, que será tocada de memoria. (25%)
  - Dúas obras do programa escollidas polo profesor. (25%)
  - Un estudo do programa escollido polo profesor (25%)
  - Lectura dun fragmento musical a primeira vista proposto polo profesor (25%)

#### 9.2.4 Medidas de recuperación

O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño. O profesor realizará un exame de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará ao criterio do mesmo profesor de acordo coa programación e previo acordo co alumno ou alumna. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de Xuño.

---

FALTAS XUSTIFICADAS

---

FALTAS SEN XUSTIFICAR

---

	Por trimestre	Total Curso		Por trimestre	Total Curso
Materia de 1 Sesión Semanal	3	9	Materia de 1 Sesión Semanal	2	6

